

~ Mar de fóra ~

Marijé Díaz

**Deseño e maquetación do catálogo**

Sabela e Rosalía Díaz

e-mail

[sabeladf@hotmail.com](mailto:sabeladf@hotmail.com)

[rusky5@hotmail.com](mailto:rusky5@hotmail.com)

## MAR DE FÓRA

**María Xosé Agra Romero**

### **NIÑÓNS, NADAL 2008**

Mar de fóra, fermosa praia de Fisterra: mar bravo, rochas duras, fina area. Lugar privilexiado. Océano de naufraxios, de epopeas migratorias; de fartura e de esperanza. "O mar, di Xohana Torres, é o absoluto. Só o pano que se despede marca a dirección da viaxe". Mar de fóra, epopea da humanidade en caiucos. Dirección da viaxe: fío fino de vida, ou morte segura. ¿Con que ollos mirar o mundo?. Como non lembrar "O berro" de Münch. Desesperación, impotencia. Non. Os ollos de Marijé son testemuña de humanidade, están cheos de vida e enchen a nosa existencia, fainos deter a mirada para desvelar e rebelarse contra un mundo inxusto no que malia todo agromía a vida. As súas cores, a súa luz transmiten forza, non hai claroscuros, sempre está a titilante luz das estrelas que brillan e iluminan a existencia humana concreta, amosándonos a vida aínda que saibamos que hoxe moitas delas non valen nada, perdidas nun océano tenebroso que pide xustiza. Os seus cadros son un outeiro privilexiado para sentir que a arte é vida, non mercadoría. Detendo a mirada neste Mar de Fóra, escoitamos os bruídos da rabia, da ira, pero cargados de solidariedade percibimos o rostro do outro ou da outra: dun ser humano, algo tan simple e tan difícil de recoñecer. No mes no que se cumplen os 60 anos da Declaración Universal

dos Dereitos Humanos esta exposición ben moi acaída. Pobreza, crise económica, violencia, guerras, fan pensar en que os tales dereitos están en crise, cando menos escasea a vontade política e non se asume a responsabilidade ante un mundo interdependente. Quizais como tamén estamos no fin de ano alguén indicará que é outra das promesas incumpridas que se fan, como outras más, ao desexar un feliz aninovo. Mais sesenta anos son moitos anos e algo ten que mudar xa, moitos e moitas non poden agardar.

Mar de fóra, epopea de mulleres: "As mulleres, tamén di de novo Xohana Torres, sostemos a metade do ceo", ben sabe diso Marijé Díaz . Mulleres subsaharianas, preñadas, con nenos. Mulleres africanas loitando pola vida, carrexando auga, procurando alimentos, vivenda, embarcándose nunha longa viaxe camiño dun futuro mellor. Á derradeira, mulleres sostendo o ceo a pesares de cargar co mundo, tirando pola vida. E ben saben elas da solidariedade, como a de aquela nixeriana chegada a Barbate que achou a outra muller que, sen más, alimentou ao seu fillo. Epopea de humanidade. Dirección da viaxe: esperanza, futuro.

Unha exposición é un acontecemento, nos tempos que corren as más das veces éo para o mercado e para quien está implicado, o/a artista, críticos de arte, historiadores, estetas, galeristas, marchantes. Esta exposición, pola contra, é un acontecemento por canto non disocia arte e sociedade, non amosa unha arte "inocente", senón que reflicte as desigualdades, as inxustizas. Non é a exposición dun xenio, dunha xenia solitaria senón solidaria, que non precisa de intermediarios, que quere compartir e comparte, ollando o mundo

con outra mirada, que non sabe de fronteiras e si de 'jaiteiras multiculturais'. Marijé Díaz cos seus cadros tráenos unha luz renovada que acredita nas posibilidades do futuro nun mundo onde o son das furias espanta, nos alcanza.

Mar de fóra: estrelas, mar, auga, mulleres, futuro, isto é, vida humana en estado puro -homes e mulleres concretos, individuais, non abstraccións humanas- engalanada coas cores dunha esperanza que non se ensina, apréndese.

Mar de fóra da nosa praia fisterrán que quere soñar cun Mar Sonoro como aquel da poeta Sophia de Mello no seu Dia do Mar:

Mar sonoro, mar sem fundo, mar sem fim,  
A tua beleza aumenta quando estamos sós  
E tão fundo intimamente a tua voz  
Segue o mais secreto bailar do meu sonho,  
Que momentos há em que eu suponho  
Seres um miragre criado só para min.